

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO, EN MATERIA DE FORMACIÓN.

As Autoridades Portuarias son Entidades de Dereito Público, con personalidade xurídica e patrimonio propio, independente do Estado e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Dentro dos obxectivos que establece a Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, destacan os seguintes.

1. A realización, autorización e control, no seu caso, das operacións marítimas e terrestres relacionadas co tráfico portuario, e dos servizos portuarios para acadar que se desenvolvan en condicións óptimas de eficacia, economía, produtividade e seguridade, sen prexuízo da competencia doutras autoridades.
2. A ordenación da zona de servizo do porto e dos usos portuarios, en coordinación coas Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo.
3. A xestión do dominio público portuario e de sinais marítimas que lle sexan adscritas.

Para o cumprimento dos obxectivos xerais, a lexislación outorga ás Autoridades Portuarias entre outras, as seguintes funcións:

1. Xestionar, administrar e controlar os servizos portuarios, os de sinalización marítima e as operacións e actividades que requiran a súa autorización ou concesión.
2. Ordenar os usos da zona de servizo de porto, planificar e programar o seu desenvolvemento, de acordo cos instrumentos de ordenación do territorio e de planificación urbanística aprobados.



3. Elaborar o Regulamento de policía de cada porto, previo informe da Capitanía Marítima respectiva, e envialo a Portos do Estado para a súa tramitación, así como velar polo seu cumprimento.
4. Controlar, no ámbito portuario, o cumprimento dos regulamentos de mercadorías perigosas e de seguridade e hixiene, así como dos sistemas de seguridade contra incendios, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros órganos da Administración e especificamente das sancionadoras por infracción da normativa laboral.
5. Impulsar a formación do seu persoal e desenvolver estudos e investigacións en materias relacionadas coa actividade portuaria e protección do medio ambiente.

Para o cumprimento dos fins indicados con anterioridade, e para levar a cabo as funcións expostas, a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra dispón do Servizo de Policía Portuaria, no cal, os seus compoñentes teñen a consideración de axentes da autoridade da administración portuaria, de conformidade coa disposición adicional decimoterceira da Lei 48/2003, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

A formación deste colectivo, é moi importante e necesaria, e dada a súa natureza a referencia neste campo debe estar nas Forzas e Corpos de Seguridade.

Dentro dos fins da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) , atopase o do *“impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán e maior satisfacción dos seus xestores”*, polo que se considera axeitado a formalización dunha colaboración mediante a sinatura dun convenio en materia de formación, segundo establece e permite o apartado segundo do artigo 5 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da AGASP.

Este convenio non supón custe económico para a AGASP, facéndose cargo dos gastos xerados pola organización e posta en práctica das accións formativas Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.

Así, en base o anteriormente mencionado e tendo en conta o esixido polo apartado segundo do artigo 11 da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración



Pública Galega, non é posible promover a concorrência pública polas especiais características das actividades a desenvolver.

Este convenio foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo con data 5 de marzo de 2021.

E para que conste, asínase esta memoria, na Estrada, na data da sinatura dixital.

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

